



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO PROCEDIMIENTO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR OPOSICIÓN, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES, PERSOAL LABORAL FIXO

DATA DE PUBLICACIÓN: 06/03/2026

RESOLUCIÓN DA/S ALEGACIÓN/S PRESENTADA/S EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

De conformidade coas bases que rexen o procedemento e o acordado polo Tribunal Cualificador na sesión celebrada o día 27/02/2026, faise público que o citado órgano adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

RESOLUCIÓN DA/S ALEGACIÓN/S PRESENTADA/S EN RELACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO (CUESTIONARIO TIPO TEST).

Vista/s a/s alegación/s presentada/s (a dúas preguntas e a unha resposta indicada como correcta) por unha das persoas aspirantes ao primeiro exercicio, cuestionario tipo test (RXE núm. 202699900000201, do 15/02/2026).

Visto que respecto a/s citada/s alegación/s o Tribunal ten feito as seguintes consideracións xerais e específicas, estas últimas en relación a cada pregunta e a resposta sinalada como correcta no cadro provisional de respostas:

Consideración xerais:

1ª.- Que o escrito de alegación/s ten sido presentada en prazo.

2ª.- Que o escrito refírese a dúas preguntas, a núm. 4 e núm. 8, e a unha resposta sinalada por correcta no cadro provisional de repostas, polo que debe procederse ao seu exame e resolución por separado.

Consideracións específicas:

Alegación á pregunta núm. 4:

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

“4.- En el caso de avería en la vía pública de un tractor, ¿Qué dispositivos de señalización son obligatorios?”

a) Baliza V16 y luz giratoria.

b) Luz giratoria y triángulos.

c) Las dos son correctas”.

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra b), “b) Luz giratoria y triángulos”.

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“.../

Los tractores y vehículos agrícolas no están obligados a llevar a señalizar una avería con la nueva baliza V16 pero tampoco son OBLIGATORIOS los triángulos, sino la luz giratoria v-



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

2 y otros medios complementarios, entre los que “PUEDEN” utilizarse otros medios como los triángulos aunque la DGT los desaconseja en ciertos casos, por la peligrosidad que suponían para las personas el ir a colocarlos produciéndose numerosos atropellos, por lo tanto, ninguna de las 3 opciones (a,b,c) son correctas ya que tanto en la opción a) como en la b) la luz giratoria es obligatoria pero, ni la baliza v16 ni los triángulos son obligatorios para los vehículos agrícolas con el cambio de normativa.

.../

En el Real Decreto 159/2021, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios de auxilio en las vías públicas, en la disposición adicional primera, punto cuatro dice lo siguiente (pág. 8):

Cuatro. El artículo 113 queda redactado de la siguiente forma:

«De conformidad con lo dispuesto en el artículo 71, los conductores de vehículos destinados a obras o servicios y los de tractores y maquinaria agrícola y demás vehículos, transportes especiales o vehículos destinados al servicio de auxilio en vías públicas, advertirán su presencia mediante la utilización de la señal luminosa V-2 a que se refiere el artículo 173, o mediante la utilización del alumbrado que se determine en las normas reguladoras de los vehículos.»

.../”

4ª.- En primeiro lugar, debe indicarse que a normativa alegada non é a vixente, a redacción actual do art. 113 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, é a seguinte:

“Artigo 113. Advertencias doutros vehículos.

De conformidade co disposto no artigo 71, os condutores de vehículos destinados a obras ou servizos e os de tractores e maquinaria agrícola e demais vehículos, transportes especiais ou vehículos destinados ao servizo de auxilio en vías públicas, advertirán a súa presenza mediante a utilización do sinal luminoso V-2 a que se refire o anexo XI do Regulamento Xeral de Vehículos”.

O citado precepto entrou en vigor o día 01/07/2025, polo tanto, normativa á que se debe referir o exercicio de conformidade co establecido nas bases do procedemento selectivo, base 7.1.

En segundo lugar, o tribunal entende que ao formular a pregunta/repostas non empregou a terminoloxía precisa cando di “Luz giratoria” debía ter empregado o/s termo/s “sinal luminosa V-2”.

En terceiro lugar, como refire o alegante a partir do 1 de xaneiro de 2026 os triángulos teñen deixado de ser obrigatorios, como medio para sinalar vehículos inmovilizados.

En cuarto lugar, o dispositivo luminoso de presinalización de perigo V-16 de conformidade co anexo XII do Regulamento Xeral de Vehículos, só resulta obrigado para determinados vehículos de motor e conxuntos de vehículos en circulación, entre os que non se encontran os tractores que son definido no anexo II do citado regulamento como: “Vehículo especial autopropulsado, de dous ou máis eixos, concibido e construído para arrastrar, empuxar, levar ou accionar apeiros, maquinaria ou remolques agrícolas”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

En conclusión ningunhas das repostas dadas como alternativa á pregunta é correcta, polo tanto, a alegación debe ser estimada.

Alegación á pregunta núm. 8:

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos:

“8.- ¿Quién es el responsable de que el tractor esté en buen estado de funcionamiento?”

- a) El trabajador.*
- b) El encargado.*
- c) El empresario”.*

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra c), “c) *El empresario”.*

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“.../

En resumen, el propietario es responsable legal del estado del equipo, mientras que el tractorista es responsable de verificar y reportar su funcionamiento diario para garantizar la seguridad en el trabajo.

Ninguna de las 3 opciones es totalmente correcta ni totalmente errónea por lo cual solicito se pueda tener en cuanta sustituir pregunta por una de reserva.

.../”

4ª.-O sentido fin/ da pregunta era que os aspirantes demostrasen un coñecemento básico en materia de prevención de riscos laborais, tema 8 de materias específicas do anexo I das bases que rexen o procedemento, obrigas do empresario, de aí a resposta indicada como correcta. Non obstante, revisada a pregunta enténdese que a mesma ten sido formulada de forma imprecisa/xenérica, no sentido que debía terse formulado nuns termos máis semellantes/aproximados aos recollidos na normativa de prevención de riscos laborais, en concreto da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, art. 17, cando di: “*O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo que deba realizarse e convenientemente adaptados para ese efecto, de forma que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao utilízalos*”; e do Real Decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, art. 3 ,referido as obrigacións xerais do empresario, que di: “*O empresario adoptará as medidas necesarias para que os equipos de traballo que se poñan ao dispor dos traballadores sexan adecuados ao traballo que deba realizarse e convenientemente adaptados ao mesmo, de forma que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao utilizar devanditos equipos de traballo.*

.../

En calquera caso, o empresario deberá utilizar unicamente equipos que satisfagan:

- a) Calquera disposición legal ou regulamentaria que lles sexa de aplicación.*
- b) As condicións xerais previstas no anexo I deste Real Decreto”.*



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

En conclusión, ao ser formulada de forma incorrecta a pregunta, no sentido antes sinalado, é polo que debe estimarse a alegación presentada.

Alegación á reposta sinalada como correcta á primeira pregunta reserva no cadro respostas provisional publicado

1ª.- A pregunta foi formulada nos seguintes termos :

“1.- El artículo 19 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local establece que:

- a) Los Concejales son elegidos mediante sufragio censitario, libre, indirecto y secreto.*
- c) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto.*
- c) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, indirecto y secreto”.*

Aclarándose que como xa se fixo constar na correspondente acta, acta núm. 2, en relación a esta pregunta que “.../ efectivamente existe un erro e que polo tanto a primeira letra “c)” debe substituírse/considerarse unha letra “b)”, o cal foi comunicado/informado “in voce” polo tribunal ás persoas aspirantes durante a celebración do exercicio.

Polo tanto, a pregunta formulada era/é a que segue:

“1.- El artículo 19 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local establece que:

- a) Los Concejales son elegidos mediante sufragio censitario, libre, indirecto y secreto.*
- b) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto.*
- c) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, indirecto y secreto”.*

2ª.- Que no cadro provisional de respostas sinalouse que a correcta era a letra c), “c) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, indirecto y secreto”.

3ª.- Que a alegación di, cita en extracto:

“.../

En la plantilla de respuestas se da como correcta es la respuesta c) erróneamente. La respuesta correcta a esta pregunta sería la b.”

4ª.- Que o art. 19 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local di: “Os Concelleiros son elixidos mediante sufragio universal, igual, libre, directo e secreto”, polo que resulta evidente que a resposta correcta é a letra b), debéndose, en consecuencia, estimar a alegación.

Así, pois, é polo que, de conformidade co exposto e do establecido nas bases que rexen o procedemento de selección, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro: Estimar a alegación presentada referida á pregunta núm. 4 do primeiro exercicio do procedemento selectivo, quedando anulada esta e sendo, en consecuencia, substituída polo primeira pregunta reserva (pregunta reserva 1).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Segundo: Estimar a alegación presentada referida á pregunta núm. 8 do primeiro exercicio do procedemento selectivo, quedando e sendo, en consecuencia, anulada esta e sendo substituída polo segunda pregunta reserva (pregunta reserva 2).

Terceiro: Estimar a alegación presentada referida ao cadro respostas, primeira pregunta reserva, declarándose expresamente que a resposta correcta á pregunta é a letra b), “b) Los Concejales son elegidos mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto”.

Cuarto: Facer público o presente, mediante a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico, sendo o citado asinado pola presidenta e pola secretaria do Tribunal.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

A presidenta,

Asd.: D^a Ana María Iglesias Gato

A secretaria,

Asd.: D^a M^a Loreto López Fernández